

DON RAMÓN RODRÍGUEZ COBAS, con D.N.I. nº 33.258.664-C, en calidade de Secretario Xeral da Federación Galega de Caza, da que é Presidente Don Javier Nogueira Diz.-----

CERTIFICA:

Que segundo os datos obrantes no seu poder, na asemblea xeral da FGC celebrada o 10 de xuño de 2017, aprobouse por unanimidade a Memoria de Actividades correspondentes ao ano 2016 conforme consta no documento adxunto.

E para que así conste, expide a presente certificación en Santiago de Compostela, a doce de xuño de dous mil dezasete.

Vº pº
O PRESIDENTE,



Asdo.: Javier Nogueira Diz

O SECRETARIO XERAL,



Asdo.: Ramón Rodríguez Cobas



Federación Galega de Caza

www.federaciongalegadecaza.com



Memoria de Actividades 2016

ÍNDICE

	Páx.
FUNCIÓNS, COMPETENCIAS, E ORGANIZACIÓN DA FGC	1
1. Funcións e competencias	1
2. Organización territorial	2
3. Órganos de goberno	3
3.1. Organización e distribución de funcións dos órganos complementarios dos de goberno e representación.	4
RELACIÓN ENTRE CAZADORES E FEDERADOS	5
1. Cazadores e federados	5
1.1 Clases de licenzas de caza, e idade do cazador galego	6
a) Clases e tipos de licenzas de caza	6
b) Idade do cazador galego	6
1.2 Federados: tipo de federativa, siniestralidade e ranking	7
a) Tipo de licenza federativa e provincia	7
b) Siniestralidade entre os federados	11
c) Ranking de federados a nivel autonómico e nacional	15
1.3 Evolucións dos cazadores e federados	22
1.4 Migración dos cazadores galegos a outras CCAA	23
a) Federados galegos que cazan noutras Autonomías	23
b) Evolución das licenzas doutras CCAA	25
ENTIDADES DEPORTIVAS E TECORES	26
1. Sociedades de caza federadas	26
2. Tecores e explotacións cinexéticas	27
2.1 Terreos cinexéticos ordenados (tecores).	28
2.2 Explotacións cinexéticas comerciais.	29
2.3 Superficie cinexética	29
2.4 Relación entre os tecores e os municipios.	31
A CAZA COMO ACTIVIDADE CINEXÉTICA	32
1. Situación da caza maior: tempada 2015-2016	32
2. Evolución dos cupos e capturas de caza maior, período 2011-2016	34
3. Siniestralidade producida polos animais cinexéticos, e seguros tecor.	35
3.1 Siniestralidade producida polos animais cinexéticos, e seguros tecor.	35
3.2 Evolución dos accidentes de circulación, período 2010-2016.	35
3.3 Seguros de responsabilidade civil de tecor e a siniestralidade.	37
A CAZA COMO ACTIVIDADE DEPORTIVA	39
1. Calendario 2016	39
2. Resultados	40
2.1 Medalleiro	40
2.2 Pódio da Selección Galega	40
3. Área técnica	42
4. Formación: Iniciación ao Arco, Seguridade e Primeiros Auxilios.	43
4.1 Iniciación ao arco	43
4.2 Cursos de Prevención da Siniestralidade: Seguridade e Primeiros Auxilios na Caza.	43

ÍNDICE

A FGC AO SERVIZO DO FEDERADO	45
A ACTIVIDADE DA ASESORÍA XURÍDICA	47
1. Tipo de asesoramento	47
2. Evolución das xestións xurídica, período 2013-2016.	48
AS EMISORAS COMO FERRAMENTA DE SEGURIDADE	49
1. As emisoras de radiofrecuencia e o seu ámbito	49
2. Evolución de licenzas de uso de emisoras, período 2014-2016	50
O CLUB DE DESCONTOS, EXCLUSIVO DE FEDERADOS	51
1. Tipo de establecementos que ofrecen descontos aos federados.	51
2. Evolución do club de descontos, período 2012-2016.	52
A COMUNICACIÓN DA FGC COS SEUS AFILIADOS	53
1. Páxina web: www.federaciongalegadecaza.com , un sitio de referencia	53
1.1 O número de visitas mantense estable.	54
1.2 O móbil xa é o principal medio de acceso.	55
1.3 As principais poboacións galegas, orixe das visitas.	55
1.4 Google segue a ser o referente nas visitas.	56
1.5 Seguros e emisoras, os termos máis buscados	57
2. Revista "Galicia Cinexética"	57
3. Programas especializados outros medios de comunicación.	58
AXENDA: COMPETICIÓNS, REUNIÓN E ACTIVIDADES	59
1. Reunións institucionais	59
2. Xornadas, cursos e conferencias	61
3. Galas e entrega de premios	64
4. Festas da caza	66
ANEXOS	
Anexo 1: Palmarés e calendario deportivo	
Anexo 2: Axenda de actividades 2016	

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2016

FUNCIONES, COMPETENCIAS, E ORGANIZACIÓN DA FGC

1. Funcións e competencias.

A Federación Galega de Caza (en diante FGC) é unha entidade deportiva que agrupa aos deportistas (cazadores), e ás sociedades ou asociacións dedicadas á práctica do deporte da caza ou de actividades que con ela se relacionen.

A FGC é o único órgano lexitimado para representar en materia de caza á Comunidade Autónoma Galega na esfera das súas competencias, e poderá afiliarse e/ou colaborar con outras entidades cinexéticas estatais ou internacionais.

Entre as funcións e **competencias propias**, cabe sinalar as seguintes:


- Asesorar a toda clase de entidades públicas ou privadas en canto signifiquen un perfeccionamento na práctica da caza.
- Realizar cantas actividades estean encamiñadas á salvagarda e melloramento do medio natural, incremento da fauna e respecto polos cultivos agrícolas. Así mesmo a FGC poderá prestar a súa colaboración a cantos fins considere convenientes por afinidade do seu cometido e sen ánimo de lucro.
- Fomentar a educación e formación dos cazadores e gardería, a difusión da deportividade cinexética e normas que a regulan, contribuíndo ao incremento da fauna e flora autóctonas e á prevención e represión da caza furtiva.
- Desenvolver iniciativas no campo da ecoloxía dirixidas á defensa do medio natural.
- Coidar e defender ante a opinión pública e institucións de carácter privado ou público a figura do cazador como amante e colaborador do medio ambiente e da natureza.
- Promover cantas accións considere convenientes ou necesarias para a defensa tanto da caza como dos lexítimos intereses dos cazadores e das sociedades federadas.
- Representar aos seus afiliados ante centros ou organismos galegos, estatais e internacionais, relacionados co deporte da caza, así como propor a ditos órganos as medidas convintes para a conservación das especies silvestres e para a defensa dos lexítimos intereses dos cazadores.
- A organización de calquera actividade de promoción, divulgación ou formación permanente que afecte ao interese local ou autonómico.
- Fomentar, ordenar e inspeccionar as actividades deportivas cinexéticas en todo o territorio da Comunidade Autónoma Galega, así como controlar o desenvolvemento deportivo das asociacións de cazadores e dos seus afiliados.
- Organizar e dirixir, técnica e administrativamente, a actividade da caza, por si ou polos seus órganos de xestión ou organismos dependentes, cantas especialidades de competición se relacionan co deporte da caza ou coa súa simple práctica, en todo tipo de competicións que se desenvolvan no ámbito e competencias da FGC, coaduvando a que a maior deportividade e corrección impere nas súas actuacións.
- Fomentar a actividade cinexética e a práctica do deporte da caza, a través de actividades dirixidas á xuventude, favorecendo e promovendo a súa participación nos diferentes órganos da FGC.

Ademais das competencias que lle son propias **exerce, por delegación, funcións públicas de carácter administrativo, actuando como axente colaborador da Administración Pública;** e baixo a coordinación e tutela da Administración deportiva, **exerce en réxime de exclusividade, entroutras, as seguintes funcións públicas delegadas:**

- A promoción e divulgación da caza en tódalas súas facetas.
- Apoiar técnica e administrativamente a práctica do deporte da caza, velando ante os organismos competentes polo apoio a esta modalidade deportiva dentro de Galicia.
- Representar á CCAA de Galicia nas actividades e competicións deportivas.
- Cualificar e organizar as actividades e competicións deportivas oficiais de ámbito autonómico galego.
- Expedir licenzas deportivas ou administrativas para a práctica do deporte da caza.
- Orientar aos deportistas á práctica da caza, mediante os oportunos cursos de iniciación, formación, e perfeccionamento.
- Executar, se é o caso, as resolucións do Comité Galego de Xustiza Deportiva.
- Exercer a potestade disciplinaria sobre os integrantes da Federación nos termos previsto pola lei.
- Colaborar coas Administracións públicas competentes na prevención, control, e represión de substancias prohibidas así como na prevención da violencia no deporte.

2. Organización territorial.

A FGC estrutúrase territorialmente, de acordo coas súas características propias e co desenvolvemento deportivo, nas federacións provinciais seguintes: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.





Federación Galega
de Caza



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"

3. Órganos de goberno.

Os órganos da FGC estrutúranse en:

a) Órganos de goberno e representación:


Asemblea xeral.
Comisión delegada da asemblea.
Presidente.

b) Órganos complementarios dos de goberno e de representación da FGC:

Xunta directiva.
Comisión executiva.
Secretario xeral.
Tesoureiro.

c) Órganos técnicos e asesores da FGC:

Comité de disciplina deportiva.
Comité de xuíces e árbitros.
Comisión de xuventudes.
Comisión de competicións.
Comité de mediación, conciliación e arbitraje





Federación Galega
de Caza



XUNTA
DE GALICIA




DEPORTE
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"

3.1. Organización e distribución de funcións dos órganos complementarios dos de goberno e representación.





Federación Galega
de Caza



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"

RELACIÓN ENTRE CAZADORES E FEDERADOS

1. Cazadores e federados.

Seguindo a tendencia dos últimos anos, o número de cazadores galegos segue a decrecer.

Durante o 2016, un total de 1.263 cazadores galegos deixaron de practicar a actividade cinexética, pero se temos en conta as licenzas emitidas nos bancos fóra da CCAA, ascenderían a 1.580. No mesmo período o número de federados baixa en 305, polo que **a porcentaxe entre cazadores e federados medra 1,31%, situándose o número de federados no 45,44% do total de cazadores galegos, a taxa máis alta da historia da federación.**

Se analizamos os datos das licenzas de caza por provincias, onde maior número de licenzas se descende respecto ao 2015 sería en Ourense, con preto dun 5% de cazadores menos; mentres que no lado oposto estaría Lugo onde apenas diminúen o 1%. No cómputo xeral, onde máis licenzas deixaron de emitirse foi nas que se expiden a través dos Bancos fóra da Comunidade Autónoma, en boa parte –como se verá máis adiante- pola chegada da licenza interautonómica.

En canto á proporción entre cazadores e federados, Lugo é a provincia con maior número de cazadores federados, preto do 56%; e a que menos Ourense con pouco máis do 22% (*táboa 1 e 2*).

Provincia	Licenzas Caza 2016	Licenzas Caza 2015	Diferenza	%
CORUÑA	13901	14.197	296	-2,08
LUGO	9828	9.925	97	-0,98
OURENSE	8812	9.233	421	-4,56
PONTEVEDRA	10718	11.167	449	-4,02
Bcos (fóra CCAA)	1145	1.462	317	-21,68
TOTAL	44404	45984	1580	-3,44
Total cazadores Galegos excluindo licenzas foráneos emitidas en Bcos	43259	44522	1263	-2,84

Táboa 1: Licenzas de caza por provincias

Provincia	Licenzas Caza 2016	Federados 2016	% cazadores federados
CORUÑA	13901	6715	48,31
LUGO	9828	5456	55,51
OURENSE	8812	1941	22,03
PONTEVEDRA	10718	5544	51,73
Bcos (fóra CCAA)	1145	0	0,00
TOTAL	44404	19656	44,27
Total cazadores Galegos excluindo licenzas foráneos emitidas en Bcos	43259	19656	45,44

Táboa 2: Comparación licenzas e federados por provincias (ano 2016)



Federación Galega
de Caza



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"

1.1 Clases de licenzas de caza, e idade do cazador galego.

a) Clases e tipos de licenzas de caza.

Ao analizar o número de cazadores segundo o tipo de licenza de caza, obsérvase que **o 98%** (ascendería ao 99% coas interautonómicas) **cazan con armas fronte ao 0,82% que o fan con cans, cetraría, ou arco**. Sen embargo ao examinar a evolución por tipo de licenza vese que as licenzas para cazar con armas son as que máis descenden, mentres que nas de caza con cans, cetraría ou arco nótase un notable incremento, o que confirma os cambios introducidos polo cazador galego na súa forma de cazar (táboa 3 e 4).

No 2016 a Xunta de Galicia emitiu tamén 694 licenzas de caza interautonómicas, válidas para cazar tanto con armas como con cans, cetraría ou arco nas CCAA de Galicia, Aragón, Asturias, Castela e León, Extremadura, Madrid, e Comunidade Valenciana).

Tipo	CLASE LICENZA	TOTAL	% por Clase Lic.	% por Tipo Lic
Armas de Fogo	A1 Armas fogo Anual (+18 e -65 anos)	31.707	71.41%	97.60%
	A2 Armas fogo Anual (-18 e +65 anos)	11.463	25.82%	
	A4 Armas fogo por 1 mes (+18 e -65 anos)	140	0.32%	
	A5 Armas fogo por 1 mes (-18 e +65 anos)	30	0.07%	
Cans, Cetraría e Arco	B1 Cans, Cetraría e Arco Anual (+18 e -65)	87	0.20%	0.82%
	B2 Cans, Cetraría e Arco Anual (-18 e +65 anos)	9	0.02%	
	B4 Cans, Cetraría e Arco por 1 mes (+18 e -65)	196	0.44%	
	B5 Cans, Cetraría e Arco por 1 mes (-18 e +65 anos)	68	0.15%	
	B6 Cans, Cetraría e Arco por 1 mes (estranxeiros non CE)	5	0.01%	
Outras	I-1 (Interautonómica)	694	1.56%	1.56%
	C Rehala con fins de caza	5	0.01%	
TOTAL		44.404		

Táboa 3: Tipo de licenzas de caza (ano 2016)

Tipo de Licenzas	2016	2015	2014
Licenzas para Cazar con Armas de Fogo	43340	45808	46492
Licenzas para cazar con cans, cetraría ou arco	365	128	93
Outras (interautonómicas e mandas)	699	48	6
Total	44404	45984	46591

Táboa 4: Evolución das licenzas de caza segundo o tipo de licenza

b) Idade do cazador galego.

O tramo de idade do cazador galego sitúase actualmente entre aqueles que teñen máis de 18 anos e menos de 65. Sen embargo **os menores de 18 e maiores de 65 xa superan a cuarta parte dos cazadores galegos**, pasando de menos do 22% do ano 2014 a máis do 26% no ano 2017; obviamente a medida que sube este tramo de idade tamén baixa o de maiores de 18 e menores de 65 anos, que pasan do 78% ao 73,54% no mesmo período (táboa 5 e 6).



Federación Galega
de Caza



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"

Tramo de idade do cazador Galego	Ano 2016	Ano 2015	Ano 2014
Licenzas de -18 e + 65 anos	11271	10808	9937
Licenzas de +18 e -65 anos	31325	33668	35109
Total	42596	44476	45046
% Licenzas de -18 e + 65 anos	26,46%	24%	22%
%Licenzas de +18 e -65 anos	73,54%	76%	78%

Táboa 5: Tramos de idade do cazador Galego ⁽¹⁾

⁽¹⁾ Non se computan as licenzas emitidas en Bcos fóra da CCAA, nin estranxeiros, nin interautonómicas, nin mandas

	CORUÑA			LUGO			OURENSE			PONTEVEDRA		
	2014	2015	2016	2014	2015	2016	2014	2015	2016	2014	2015	2016
Licenzas de -18 e + 65 anos	3135	3321	3536	2113	2386	2516	2351	2595	2599	2338	2506	2620
Licenzas de +18 e -65 anos	11419	10865	10203	7674	7528	7135	6950	6629	6074	9066	8646	7913
% Licenzas de -18 e + 65 anos	21,54	23,41	25,74	21,59	24,07	26,07	25,28	28,13	29,97	20,5	22,47	24,87
% Licenzas de +18 e -65 anos	78,46	76,59	74,26	78,41	75,93	73,93	74,72	71,87	70,03	79,5	77,53	75,13

Táboa 6: Tramos de idade do cazador Galego por provincias (período 2014-2016)

Os datos confirman a tendencia dos últimos anos, amosándonos **un cazador galego cada vez máis maior, o que por outro lado ven a coincidir cos datos demográficos de Galicia (táboa 7)** que poñen de manifesto ano tras ano unha poboación máis envellecida, principalmente nas provincia de Lugo e Ourense. Precisamente por este motivo, **a FGC consciente da necesidade de promover o relevo xeracional creou fai exacte un ano o colectivo das Xuventudes pola Caza**, que na actualidade están a organizarse para –de cara o vindeiro ano 2017- levar a cabo o *I Encontro Galego de Mozos Cazadores*.

	Total Poboación Galicia	(+) 65 anos	(+) 100 anos	% +65 anos	% +100 anos
CORUÑA	1.122.450	253.654	468	22,60%	0,04%
LUGO	334.865	92.158	296	27,52%	0,09%
OURENSE	312.927	92.509	343	29,56%	0,11%
PONTEVEDRA	943.842	192.865	500	20,43%	0,05%
	2.714.084	631.186	1.607	23,26%	0,06%

Táboa 7: Poboación de Galicia maior de 65 anos (Fonte: IGE)

1.2. Federados: tipo de federativa, siniestralidade e ranking

a) Tipo de licenza federativa e provincia

Durante o 2016, **a FGC emitiu exclusivamente licenzas federativas de ámbito autonómico**. Das 19.656 licenzas autonómicas habilitáronse 112 con carácter nacional, apenas un 0,57%.



Federación Galega
de Caza



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"

A licenza federativa é un seguro de accidentes que inclúe ademais da asistencia sanitaria outras moitas prestacións e servizos, e cubre ao seu titular tanto na práctica deportiva de calquera das disciplinas regulamentadas pola FGC como na propia actividade cinexética.

O 84% dos federados optaron por federarse a través do **Documento Único (DU)** que ademais da propia federativa leva implícito o seguro de RC do cazador (obligatorio+voluntario+defensa xurídica). Deles o 75% optaron polos seguros de maior cobertura (PR+S+Q), e 32 de cada 100 federados elixiron a modalidade **Premium** (gráfico 1 e 2).




Gráfico 1: Tipo de federados (anos 2015 e 2016)





Gráfico 2: Federados DU, según tipo de produto (ano 2016)



Federación Galega
de Caza



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"

A provincia que maior número de federados rexistrou foi A Coruña, con máis do 34%, seguida de Pontevedra e Lugo co 28%, e no último lugar sitúase Ourense con apenas o 10% dos federados autonómicos. Sen embargo a que maior proporción ten entre cazadores e federados, tal e como se reflectiu no punto 1 anterior, sería Lugo con preto do 56%; seguida de Pontevedra co 52%, Coruña co 48%, e finalmente Ourense co 22% (táboa 8 e gráfico 3).

Tipo Federativa	Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	TOTAL
P	1094	1210	327	546	3177
N	1518	250	435	1813	4016
Q	1111	466	227	1430	3234
R	44	6	5	94	149
S	1364	959	446	1059	3828
PR	1584	2565	501	602	5252
Total Federados	6715	5456	1941	5544	19656
% Provincia	34,16	27,76	9,87	28,21	

Táboa 8: Número de federados por provincia e por produto (ano 2016)




Gráfico 3: Porcentaxe de cazadores federados por provincia (ano 2016)

Ao analizar o tipo de documento federativo (licenzas federativas e DU) emitido por provincias, o **Premium foi o máis emitido en todas agás en Pontevedra no que os federados optaron polo DU tipo "N"**, non obstante no seu conxunto en todas as provincias os federados escolleron os seguros de maiores coberturas (PR+S+Q), en Coruña fixérono o 72%, en Lugo o 94%, en Ourense o 73%, e en Pontevedra o 62% (gráfico 4).

Cabe sinalar tamén o número de cans asegurados durante esta tempada, un total de 9.744 cans superando en máis do 45% aos cans asegurados na tempada anterior.



Federación Galega
de Caza



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"




Gráfico 4: Federados e asegurados por provincia (ano 2016)



Federación Galega
de Caza



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"

b) Sinistralidade entre os federados

O 100% dos cazadores federados dispoñen de seguro de accidentes persoais como se puxo de manifesto nas páxinas anteriores, e máis de **8 de cada 10 federados teñen concertado, a través da FGC, o Seguro de Responsabilidade Civil do Caza con Mutuasport** (táboa 9).

É significativo tamén o número de cans que durante o 2016 tiñan asegurada a súa Responsabilidade Civil ao longo dos 365 días do ano, un total de **9.744 cans**, 3026 máis que na tempada anterior, merced aos *Anexos do DU Premium* e aos *Anexos de Cans con franquicia*.

Provincia	Federados	Federados con DU RC Cazador	Nº de cans asegurados a través FGC	% federados RC Cazador
CORUÑA	6715	5621	3349	83,71
LUGO	5456	4246	3652	77,82
OURENSE	1941	1614	1442	83,15
PONTEVEDRA	5544	4998	1301	90,15
TOTAL	19656	16479	9744	83,84

Táboa 9: Federados e asegurados con RC (ano 2016)

Durante o 2016 rexistráronse en Galicia **102 accidentes -producidos ou sufridos por cazadores federados-** (42 menos que na tempada anterior), dos que 50 corresponden a sinistros de danos propios e 52 a responsabilidade civil do cazador (táboa 10).

Se comparamos o número de accidentes de danos persoais co número de federados, obsérvase que o **índice de siniestralidade en Danos Propios** están en **2,5 sinistros por cada 1000 federados**, mentres que en **Responsabilidade Civil** sitúase en **menos de 3,2 accidentes por cada 1000 asegurados**.

Os danos máis comúns sufridos polos federados foron as lesións nas extremidades mentres que en RC foron os danos materiais ou danos a animais ou cousas, pero tamén houbo que lamentar 4 falecidos na provincia de A Coruña: 3 en accidente de caza e 1 por causas naturais (táboa 11).

Provincia	Federados	Accidentes D.P.	%	Asegurados	Accidentes RC	%
CORUÑA	6715	21	0,31	5621	23	0,41
LUGO	5456	13	0,24	4246	6	0,14
OURENSE	1941	4	0,21	1614	5	0,31
PONTEVEDRA	5544	12	0,22	4998	18	0,36
TOTAL	19656	50	0,25	16479	52	0,32

Táboa 10: Índice de siniestralidade (ano 2016)

Tipo de lesión	Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Total Tipo Seguro		TOTAL
	DP	RC	DP	RC	DP	RC	DP	RC	DP	RC	
Falecidos accidentes caza		3							0	3	3
Falecidos causas naturais	1								1	0	1
Falecido in itinere									0	0	0
Invalidez	1								1	0	1
Extremidades	7		7		1		5	1	20	1	21
Cara/cabeza/cráneo/boca	1		1		1				3	0	3
Ollos/oídos	1		1						2	0	2
Tórax/Espalda	2								2	0	2
Feridas múltiples/policontusións		1							0	1	1
Outras	5	1	2		1		2	1	10	2	12
Escopeta	2		2		1		5		10	0	10
Cans	1	1		2					1	3	4
Danos materiais, animais ou cousas		17		4		5		16	0	42	42
	21	23	13	6	4	5	12	18	50	52	102

Táboa 11: Número de sinistros por tipo de cobertura e diagnose das lesións (ano 2016)

● Accidentes persoais (danos propios)

Os accidentados de danos propios representan o 0,25% dos federados, deles **o maior número de lesións (un 40%) corresponden a danos nas extremidades** (mancaduras nas máns, pes, tobillos, etc), e un 20% a danos nas escopetas e a outras lesións sen diagnosticar, pero tamén houbo que lamentar durante esta tempada unha vítima falecida por "*causas naturais*" mentres practicaba a caza (gráfico 5).




Gráfico 5: Comparación federados e sinistros de danos propios; e diagnóstico das lesións (ano 2016)

- **Accidentes de responsabilidade civil (danos ocasionados a terceiros)**

Os sinistros de responsabilidade civil do cazador (*Documentos Únicos*) representan menos do 0,32% do total de asegurados, pero ao debullar os datos máis polo miúdo observamos que **o 87% de sinistros corresponde a danos materiais e danos a animais ou cousas, e cans, fronte ao 13% de danos a persoas, pero tamén houbo que lamentar 3 vítimas como consecuencia de senllos accidentes caza** (gráfico 6).




Gráfico 6: Comparación asegurados e sinistros de responsabilidade civil do cazador; e diagnóstico dos danos (ano 2016)

Ademais dos sinistros anteriores tamén se computan neste exercicio 10 reclamacións de **Defensa Xurídica**, e **un sinistro producido a un coche por un can** asegurado mediante *Anexo* de todo o ano.

- **Siniestralidade por provincias**

Ao comparar o número de accidentes de *danos propios* co número de federados de cada provincia, e o número de sinistros de *responsabilidade civil do cazador* co número de asegurados de cada unha delas, e sumados ambos os dos cocientes, obsérvase que **a siniestralidade máis baixa corresponde á provincia de Lugo con 0,38 accidentes por cada 100 federados, mentres que o máis alto sería para A Coruña con 0,72 accidentes por cada 100 federados** (gráfico 7).




Gráfico 7: Índice de siniestralidade por provincia

● Evolución dos accidentes entre os federados

Nos últimos sete anos a **media de siniestros en Danos Propios** sitúase en **menos 3 accidentes por cada 1000 federados** (dos 47 accidentes ocorridos no ano 2010 pasouse aos 50 do ano 2016); mentres que no mesmo período a **media en Responsabilidade Civil** foi de **4 accidentes por cada 1000 asegurados**; pasando dos 65 siniestros ocorridos no ano 2010 aos 52 do 2016 (táboa 12, gráfico 8).

	Número de siniestros						
	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
Danos Propios (DP)	47	58	44	66	53	62	50
Responsabilidade Civil (RC)	65	84	69	64	60	82	52
	112	142	113	130	113	144	102

	Tipo de danos asegurados						
	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
Federados (DP)	21242	21479	21018	20160	20049	19961	19656
Asegurados (RC)	17798	17659	17215	16473	16166	16509	16479

	% siniestralidade							Media Siniestros
	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	
Danos Propios (D.P)	0,22	0,27	0,21	0,33	0,26	0,31	0,25	0,27
Responsabilidade Civil (R.C)	0,37	0,48	0,4	0,39	0,37	0,5	0,32	0,40
Total	0,59	0,75	0,61	0,72	0,63	0,81	0,57	0,67

Táboa 12: Índice de siniestralidade período 2010-2016



Federación Galega
de Caza



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"




Gráfico 8 Evolución da sinistralidade 2010-2015

c) Ranking de federados a nivel autonómico e nacional

• Ranking Deporte Galego

A FGC mantense de 2ª no ranking do *Deporte Galego*, tanto no número de deportistas como de clubs federados, entre as 62 federacións deportivas galegas, por detrás de fútbol, segundo o anuario de estadísticas deportivas 2016, publicado polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, correspondentes a datos de deportistas e clubs federados durante o 2015 .

Do total de licenzas federativas rexistradas polas federacións deportivas galegas (215.236), máis do 60% corresponden a 7 federacións, concretamente a fútbol, caza, baloncesto, golf, balonmán, ciclismo, e atletismo, mentres que as restantes 55 federacións repártense o 40% do total de licenzas emitidas na CCAA (gráfico 9).




Gráfico 9: Ranking deportistas federados Deporte Galego (ano 2015)



Federación Galega
de Caza



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"

O 78% das licenzas emitidas polas federacións deportivas galegas foron para deportistas masculinos, fronte ao 22% que corresponden a licenzas femininas. En caza as deportistas femininas federadas apenas se achegan ao 1% (gráfico 10).




Gráfico 10: licenzas federadas según sexo por FFDDGG (ano 2015)

O número de entidades deportivas federadas no ámbito do *Deporte Galego* foi de 4.623; e delas o 65% están afiliadas ás federacións deportivas de fútbol, caza, ciclismo, baloncesto, e atletismo (gráfico 11).




Gráfico 11: Raking clubs federados Deporte Galego (ano 2015)



Federación Galega
de Caza



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"

● *Ranking Deporte Nacional*

Segundo o Anuario do MECD, correspondente ao 2015, a Caza manteríase como 3ª deporte en número de deportistas federados a nivel estatal, e en 2º no apartado de clubs (gráfico 12 e 13).




Gráfico 12: Raking deportistas federados a nivel nacional (ano 2015)




Gráfico 13: Raking de clubs federados a nivel nacional (ano 2015)



Federación Galega
de Caza



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"

● *Ranking Nacional Deporte Cinexético*

Ao debullar os datos de licenzas federativas de Caza por federacións autonómicas obsérvase que **a FGC ocuparía o 5º posto en número de federados**, e que o 70% dos federados, concretamente 233.414 licenzas federativas, corresponden ao denominado *Grupo F-8*, no que están integradas as federacións de Galicia, Andalucía, Aragón, Castela e León, Castela A Mancha, Cataluña, Extremadura e Navarra (*gráfico 14 e 15*).




Gráfico 14: Licenzas federativas por federacións autonómicas de caza (ano 2015)




Gráfico 15: Comparación licenzas federativas F-8 e resto federacións autonómicas caza (ano 2015)



Federación Galega
de Caza



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"

Respecto ao número de clubs afiliados ás distintas federacións autonómicas de caza, **Galicia ocuparía o 6º posto en número de sociedades federadas, con 476**; e o 76% do total de entidades federadas estano no Grupo de federacións F8 (gráfico 16 e 17).




Gráfico 16: Clubs afiliados ás distintas federacións autonómicas de caza




Gráfico 17: Comparación clubs federados F-8 e resto federacións autonómicas caza

• *Ranking Comunidades Autónomas*

A relevancia deportiva a nivel do Estado, concéntrase nas Comunidades Autónomas de Cataluña, Andalucía, Madrid, Comunidade Valenciana e Galicia, nas que se rexistran máis do 61% das licenzas deportivas.

Durante o 2015 había en España **3.501.757 deportistas federados**, dos que **215.236 correspondían ao Deporte Galego** (gráfico 18 e 19).




Gráfico 18: Licenzas deportistas por CCAA (ano 2015)

No apartado de clubs, o **Deporte Galego** ocupa tamén o **5º lugar**, con **4.623 entidades deportivas inscritas**. O 54% do total de clubs deportivos concéntrase novamente nas CCAA de Andalucía, Cataluña, Comunidade Valenciana, Galicia, e incorpórase Aragón, quedando fora deste quinquenio Madrid que pasa a ocupar o 8º posto (gráfico 18).




Gráfico 19: Clubs federados por CCAA (ano 2015)



Federación Galega
de Caza



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"

• *Ranking Mutuasport*

Na actualidade 9 FFAA emiten as súas respectivas licenzas federativas autonómicas a través de Mutuasport: Andalucía, Aragón, Baleares, Cataluña, Castela León, Castela A Mancha, Extremadura, Navarra e Galicia. **A FGC mantense no 4º posto se temos en conta o total da produción emitida, pero se debullamos por tipo de licenza deportiva sería 3ª en Documentos Únicos (licenza + SOV cazador) e 6ª en licenzas federativas.** (gráfico 20 e 21).




Gráfico 20: Federados Mutuasport, F8 (ano 2016)




Gráfico 21: Federados en función do tipo de licenza (LF ou DU), F8 (ano 2016)

1.3. Evolucións dos cazadores e federados

Desde o ano 1987 os cazadores galegos descenderon máis da metade, pasando das 94.067 licenzas de caza daquel ano ás 44.404 do ano 2016, mentres que no mesmo período o número de federados medrou nun 45% (dos 8.756 federados do ano 1987 pasouse aos 19.656 do ano 2016).

Durante o 2016 produciuse a porcentaxe máis alta entre cazadores e federados, preto da metade dos cazadores galegos están actualmente federados, obviando os datos do ano 2008, porque os datos daquel ano puideran non ser fidedignos ao 100% debido ao fallo técnico habido entre os equipos informáticos dos bancos e da Xunta de Galicia (táboa 13, gráfico 22).

	1987	1988	1989	1990	1991	1992	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001
Total cazadores	94067	90584	94793	108522	104950	94387	88780	87536	85640	84474	79263	76799	74894	71824	68760
Total cazadores excluindo licenzas de caza emitidas en Bcos fóra da CCAA	94067	90584	94793	108522	104950	94387	88780	87536	85640	84474	78107	75698	73665	70585	67545
Total federados	8756	10197	10111	12736	15771	16249	17040	18795	18647	17996	18095	17122	18742	19644	20151
% Cazadores federados respecto a total Licenzas de Caza	9,31	11,26	10,67	11,74	15,03	17,22	19,19	21,47	21,77	21,3	22,83	22,29	25,02	27,35	29,31
% Cazadores federados excluindo Licenzas de Caza emitidas en Bancos fóra da CCAA	9,31	11,26	10,67	11,74	15,03	17,22	19,19	21,47	21,77	21,3	23,17	22,62	25,44	27,83	29,83

	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
Total cazadores	63604	61003	59145	60979	58797	56467	41404	52761	53535	52016	49630	46648	46591	45984	44404
Total cazadores excluindo licenzas de caza emitidas en Bcos fóra da CCAA	62246	59725	57635	59339	57023	54621	39766	50759	51357	50195	48016	45146	45053	44522	43259
Total federados	19983	20575	21388	21173	20767	21413	21594	21587	21242	21479	21018	20160	20049	19961	19656
% Cazadores federados respecto a total Licenzas de Caza	31,42	33,73	36,16	34,72	35,32	37,92	52,15	40,91	39,68	41,29	42,35	43,22	43,03	43,41	44,27
% Cazadores federados excluindo Licenzas de Caza emitidas en Bancos fóra da CCAA	32,1	34,45	37,11	35,68	36,42	39,2	54,3	42,53	41,36	42,79	43,77	44,66	44,5	44,83	45,44

Táboa 13: Evolución e porcentaxe entre cazadores e federados, período 1987-2016




Gráfico 22: Evolución de cazadores e federados período 1987-2016

1.4. Migración dos cazadores galegos a outras CCAA

Segundo o *Estudo sobre a Repercusión Económica e Social da Caza en Galicia*, elaborado pola FGC en colaboración coa USC durante o ano 2013, estímase que **arredor dun 27% dos cazadores galegos adoitan saír de Galicia para Cazar**. Se extrapolamos a porcentaxe anterior ao número de cazadores actuais estaríamos a falar de preto de 12.000 cazadores galegos que practican a actividade cinexética fóra da CCAA.

Pola contra, se consideramos que as licenzas de caza de Galicia expedidas fóra da CCAA a través das entidades bancarias corresponden a cazadores doutras CCAA que se desprazan a cazar a Galicia (1.145 licenzas), o saldo migratorio sería negativo, é dicir por cada 100 cazadores galegos que saen fóra virían a Galicia preto de 10 doutras Comunidades; sen embargo debemos ser prudentes á hora de manexar estas cifras porque a implantación da licenza de caza interautonómica, que habilita para cazar en Galicia, Aragón, Asturias, Castela e León, Extremadura, Madrid e Valencia, podería modificar substancialmente estes datos.

a) Federados galegos que cazan noutras Autonomías

Segundo as licenzas de caza tramitadas desde a FGC para outras CCAA, **o 5% dos federados traspasaron as fronteiras galegas para cazar noutras Autonomías**, en total 908 federados -83 máis que no 2015-, aos que habería que engadirlle outro número importante de federados que solicitan as licenzas directamente coas Comunidades Autónomas, a través de internet, ou a través doutros mediadores, e desde finais do pasado ano 2015 hai que sumar tamén a licenza interautonómica.

Como ven sendo habitual, os galegos desprázanse maioritariamente ás dúas Castelas, Andalucía, Madrid, Extremadura, Navarra e Aragón; e unha cuarta parte dos federados que tramitaron a licenza de caza a través da federación solicitaron a interautonómica (gráfico 23 e *táboa 14*).




Gráfico 23: Porcentaxe de licenzas xestionadas desde a FGC para outras CCAA (ano 2016)



Federación Galega
de Caza



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"

	CORUÑA (+Stgo)	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL
C.MANCHA	112	53	53	220	438
C.LEÓN	27	1	57	158	243
Interautonóm	47	18		129	194
NAVARRA			9		9
ANDALUC	1			7	8
MADRID	0	3	1		4
EXTREM	2		1	1	4
ARAGÓN				3	3
VALENCIA			1	1	2
CATALUÑA	1				1
ASTURIAS			1		1
CANTABRIA		1			1
TOTAL	190	76	123	519	908

Táboa 14: Datos por provincia dos cazadores que acudiron a fóra de Galicia (ano 2016)

Se debullamos os datos anteriores, en función da provincia de cada federado, observamos que **os cazadores pontevedreses son os que máis cazan fora de Galicia**, un 57% do total das licenzas tramitadas, mentres que na parte oposta están os lucenses con un 8% do total de licenzas (gráfico 24).




Gráfico 24: Desglose por Provincias das Licenzas de caza tramitadas para outras CCAA (ano 2016)



Federación Galega
de Caza



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"

b) Evolución das licenzas doutras CCAA

Este ano observouse un lixeiro repunte nas licenzas tramitadas desde a FGC a federados que se desprazaron a cazar noutras Comunidades, en boa medida impulsado pola xestión da licenza interautonómica (gráfico 25).




Gráfico 25– Evolución das licenzas xestionadas pola FGC para outras CCA (período 2010-2016)



Federación Galega
de Caza



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"

ENTIDADES DEPORTIVAS E TECORES

Durante o ano 2016 afiliáronse á FGC 6 novas entidades, e coincidentemente no mesmo período tamén causaron baixa 6 (1 por disolución, 2 voluntarias, e 3 correspondentes a expedientes tramitados por impago en cumprimento do acordo da asemblea do ano 2014).

O ano pechouse con **474 entidades deportivas afiliadas, das que 75 corresponden a entidades que non administran ningún tecor** (paxariles, cetraría, arco, tiro, agility, field target, cans, peñas de caza maior, menor, etc.) **mentres que as outras 399 sociedades xestionan o 84% dos tecores da CCAA** - de titularidade propia ou compartida- (táboa 15).

	Entidades que non xestionan tecor	Entidades que xestionan algún tecor (propio ou compartido)	Total Entidades Federadas	Nº Tecores Admdos Entidades Federadas	Nº Tecores Admdos outras Sdades -non federadas-	Total Tecores
CORUÑA	24	113	137	110	14	124
LUGO	8	138	146	132	17	149
OURENSE	13	67	80	66	42	108
PONTEVEDRA	30	81	111	72	1	73
TOTAL	75	399	474	380	74	454

Táboa 15: Entidades e tecores por provincias (ano 2016)

1. Sociedades de caza federadas.

Ao examinar os datos de afiliacións de sociedades por provincias, obsérvase que **Lugo, co 31% (146 sociedades) é a provincia que maior número de entidades federadas representa**, seguida de Coruña co 29% (137), Pontevedra cun 23% (111), e por último Ourense co 17% (80) de sociedades.

Máis do 84% das sociedades federadas administran algún tecor, de titularidade propia ou compartido con outras sociedades, fronte ao 16% de sociedades federadas que non xestionan ningún terreo cinético. Se os datos os analizamos por provincias, Lugo co 95% sería a provincia con máis sociedades titulares de tecor (gráfico 26 e 27).




Gráfico 26: Porcentaxe de entidades afiliadas por provincia (ano 2016)




Gráfico 27: Tipo de entidades federadas, por provincia (ano 2016)

2. Tecores e explotacións cinexéticas.

No 2016 había na CCAA un total de **454 tecores xestionados por entidades sen ánimo de lucro, fronte a 28 explotacións cinexéticas comerciais** xestionadas por suxeitos ou empresas mercantís, confirmando que en Galicia o tipo de caza que se practica é a caza social (gráfico 28).




Gráfico 28 Tipo de terreos cinexéticos (ano 2016)

2.1 Terreos cinexéticos ordenados (tecores).

O 84% dos tecores están xestionados polas 399 entidades deportivas federadas, mentres que o 16% restante adminístranos outro tipo de asociacións de cazadores non federadas (gráfico 29).




Gráfico 29: Tecores xestionados por entidades federadas e outro tipo de asociacións non federadas (ano 2016)

Se examinamos os datos por provincias, veremos que o 99% dos tecores de Pontevedra (72 de 73) están federados; mentres que en Coruña estano o 89% fronte ao 11% de non federados; en Lugo están afiliados o 89% fronte ao 11% que non o están, e en Ourense están federados o 61% fronte ao 39% (gráfico 30).




Gráfico 30: Tecores federados e non federados, por provincias (ano 2016)

2.2 Explotacións cinexéticas comerciais.

Por **cada 100 tecores** hai **6 explotacións cinexéticas comerciais**, o que reflicte a pouca transcendencia deste tipo de terreos cinexéticos en Galicia (táboa 16).

	Nº Explotacións
Coruña	5
Lugo	8
Ourense	7
Pontevedra	8
TOTAL	28


Táboa 16 Explotacións cinexéticas, por provincias (ano 2016)

2.3 Superficie cinexética.

Do total **da superficie do territorio galego** o **90% está acoutado para a práctica da caza**, a través de tecores ou explotacións cinexéticas comerciais; dela **o 99,61% corresponde aos 454 tecores** mentres que as 28 explotacións cinexéticas apenas abramguen o 0,39% da superficie cinexética (ímaxe 1 e 2).



Imaxe 1: Superficie cinexética respecto da superficie da CCAA (ano 2016)



Imaxe 2: Porcentaxe superficie tecores e explotacións (ano 2016)

Ao comparar a superficie cinexética correspondente aos terreos cinexéticamente ordenados por provincia, obsérvase que **Lugo é a provincia con maior superficie, máis do 35% do territorio cinexético de Galicia**, e no lado oposto estaría Pontevedra con pouco máis do 13% (táboa 17).

	Nº Tecores	Superficie Cinexética en has.	% Superficie acoutada por provincia
Coruña	124	709433	26,84
Lugo	149	928096	35,11
Ourense	108	657302	24,86
Pontevedra	73	348666	13,19
	454	2643497	

Táboa 17: Superficie cinexética dos tecores por provincia (ano 2016)



Federación Galega
de Caza



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"

En canto ás explotacións cinxéticas comerciais, a provincia de Lugo é de maior superficie, e a de menos Coruña (táboa 18).

	Nº Explotacións	Superficie Explotacións	% Superficie acoutada por provincia
Coruña	5	1398	13,49
Lugo	8	3368	32,49
Ourense	7	3167	30,55
Pontevedra	8	2433	23,47
	28	10366	

Táboa 18: Superficie cinxética das explotacións cinxéticas, por provincia (ano 2016)

2.4 Relación entre os tecores e os municipios.

Ao contrastar o número de tecores co número de municipios existentes na CCAA, obsérvase a importancia da actividade cinxética tanto a nivel social como económico no ámbito municipal, con **preto de 2 tecores por municipio**, o que trasladado a outro tipo de deportes máis populares, sería o mesmo que dicir que tódolos concellos teñen máis de 1 *polideportivo* nos que practicar o deporte cinxético, mentres que Explotación Cinxéticas apenas hai 9 por cada 100 municipios (táboa 19).

	Municipios	Tecores	Entidades Deportivas	Explotacións	Media Tecor / Municipio	Media E. Deportivas / Municipio	Media Explotacións / Municipio
Coruña	93	124	137	5	1,33	1,47	0,05
Lugo	67	149	146	8	2,22	2,18	0,12
Ourense	92	108	80	7	1,17	0,87	0,08
Pontevedra	61	73	111	8	1,2	1,82	0,13
	313	454	474	28	1,45	1,51	0,09

Táboa 19: Media de tecores, sociedades e explotacións por municipio (ano 2016)



Federación Galega
de Caza



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"

A CAZA COMO ACTIVIDADE CINEXÉTICA

Os cambios producidos no medio rural provocaron o crecemento desmedido do xabaril, raposo, e corzo, en detrimento doutras como a perdiz ou o coello que foron perdendo o seu hábitat e alimento, ao que se sumaron nos últimos tempos tamén as enfermidades, nas que o colectivo de cazadores leva anos traballando para tratar de mitigar os seus efectos.

Faise polo tanto necesaria a recuperación dos ecosistemas de determinadas especies, pero tamén a caza selectiva e controlada doutras para tentar acadar unha poboación sostible, adaptada á capacidade de cada territorio, que pola densidade actual das súas poboacións seguen a ocasionar importantes danos na agricultura, na gandería, na silvicultura, pero tamén na circulación viaria.

Neste apartado analizaremos a caza maior, debullando os datos de cupos autorizados e capturas facilitados pola Consellería MOT, así como a incidencia das poboacións cinexéticas nos accidentes de tráfico, e a súa repercusión nas sociedades de caza titulares de tecores que deben afrontar custosos seguros para cubrir a responsabilidade civil derivada dos accidentes de tráfico orixinados pola fauna cinexética.

Non podemos analizar estatisticamente a situación da caza menor, por falta de datos oficiais tanto das poboacións como das capturas das distintas especies cinexéticas; sen embargo por primeira vez si dispoñemos das estatísticas de información do aproveitamento do paspallás nos tecores da antiga lagoa de Antela, que durante a tempada 2015-2016 dispoñían dunha cota de capturas de 16.800 exemplares, dos que se cobrou pouco máis do 47% (8.010 especies)

1. Situación da caza maior: tempada 2015-2016

Durante a tempada 2015-2016, última da que se dispón de datos actualizados, autorizouse un **cupo total de 29.560 exemplares de caza maior do que se capturou o 77%, quedando un excedente de 6.766 animais.**

Se debullamos os datos por tipo de animal, obsérvase que **no caso do xabaril capturouse o 85% do cupo autorizado, no corzo cobrouse o 67%, no cervo o 44%, no caso do muflón cobrouse 1 animal e na cabra montés tamén só se capturou un animal das 13 autorizadas.**

En canto aos datos por provincias, a que maior cupo dispoñible tiña era Lugo con 11.464 animais (un 39% do cupo total autorizado para toda a CCAA) dos que cobrou o 89%, quedándolle un excedente de 1.222 animais. Séguelle Ourense cun cupo de 11.161 animais dos que cobrou o 69% deixando un remanente de 3.467 animais; mentres que Coruña dispoñía de un cupo de 4.805 animais dos que cobrou o 71% deixando un sobranse de 1.372 especies; e Pontevedra con 2.130 animais autorizados cobrou o 77% quedándolle un excedente de 705 animais (*táboa 20, gráfico 31 e 32*).



Federación Galega
de Caza



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"

	Xabaril		Corzo		Cervo		Muflón		Cabra montés		Total		% Capturas s/cupo
	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	
A Coruña	2629	1997	2077	1355	99	81	0	0	0	0	4805	3433	71,45
Lugo	6077	6350	5356	3877	31	15	0	0	0	0	11464	10242	89,34
Ourense	6928	5186	3832	2380	373	126	15	1	13	1	11161	7694	68,94
Pontevedra	1923	1317	207	108	0	0	0	0	0	0	2130	1425	66,90
Total	17557	14850	11472	7720	503	222	15	1	13	1	29560	22794	77,11
% capturas s/cupo	84,58		67,29		44,14		6,67		7,69		77,11		

Táboa 20: Cupos e capturas autorizados en tecores e explotacións cinexéticas (tempada 2015-2016)




Gráfico 31: Cupos, capturas e remanente, por provincia (tempada 2015-2016)




Gráfico 32: Cupo, capturas e remanente por animal (tempada 2015-2016)

2. Evolución dos cupos e capturas de caza maior, período 2011-2016

Durante a tempada 2015-2016 **realizáronse un 10% máis de capturas que na tempada anterior**. Ao cotexar os datos do último lustro, vese que o número de capturas actuais é semellante aos das tempadas 11/12 e 12/13, reflectindo como se mantén a gran densidade de poboación das especies de caza maior, particularmente do xabaril, do que nas últimas cinco tempadas se cobraron máis de 73.800 exemplares, mentres que de corzo se capturaron practicamente a metade de animais, preto de 35.000 (táboa 21 e gráfico 33).

Evolución do xabaril:

	Tempada 2015-2016		Tempada 2014-2015		Tempada 2013-2014		Tempada 2012-2013		Tempada 2011-2012		Total cupos (5 tempadas)	Total capturas (5 tempadas)
	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas		
A Coruña	2629	1997	2534	2148	2444	2267	2297	2363	2323	2008	12227	10783
Lugo	6077	6350	6767	5246	6512	5673	6064	5732	5997	5596	31417	28597
Ourense	6928	5186	6864	5165	6979	5609	8206	5363	6798	5642	35775	26965
Pontevedra	1923	1317	1962	1282	2004	1494	2024	1757	1924	1618	9837	7468
	17557	14850	18127	13841	17939	15043	18591	15215	17042	14864	89256	73813

Evolución do corzo:

	Tempada 2015-2016		Tempada 2014-2015		Tempada 2013-2014		Tempada 2012-2013		Tempada 2011-2012		Total cupos (5 tempadas)	Total capturas (5 tempadas)
	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas		
A Coruña	2077	1355	2086	1533	2104	1701	1974	1819	2130	1884	10371	8292
Lugo	5356	3877	4954	2015	5187	2329	4740	3167	4957	3273	25194	14661
Ourense	3832	2380	3720	2131	3620	2261	4693	2404	3460	2241	19325	11417
Pontevedra	207	108	231	127	193	121	169	120	170	150	970	626
	11472	7720	10991	5806	11104	6412	11576	7510	10717	7548	55860	34996

Evolución do cervo:

	Tempada 2015-2016		Tempada 2014-2015		Tempada 2013-2014		Tempada 2012-2013		Tempada 2011-2012		Total cupos (5 tempadas)	Total capturas (5 tempadas)
	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas		
A Coruña	99	81	94	62	84	69	63	47	62	53	402	312
Lugo	31	15	34	13	46	20	37	10	29	9	177	67
Ourense	373	126	359	100	443	120	569	92	233	84	1977	522
Pontevedra	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	503	222	487	175	573	209	669	149	324	146	2556	901

Táboa 21: Cupos e capturas por animal e provincia (período 2011-2016)




Gráfico 33: Evolución dos cupos e capturas (período 2011-2016)

3. Siniestralidade producida polos animais cinexéticos, e seguros tecor.

A pesar do extraordinario esforzo que realizan as sociedades de caza para controlar a alta densidade das especies de caza maior como se viu no apartado anterior, e a presión exercida sobre as súas poboacións, o seu censo estase a manter en cifras semellantes durante os últimos anos, e consecuentemente o número de sinistros producidos polos animais de caza maior segue incrementándose ano tras ano, como veremos a continuación.

3.1 Accidentes de circulación durante o 2016.

Segundo os datos da DGT correspondentes ao ano 2016, en Galicia **producíronse 3.315 accidentes de circulación provocados pola fauna cinexética**, un 13% máis de sinistros que no 2015.

O 92% do total dos accidentes orixinounos o xabaril e o corzo, con 2.147 e 910 accidentes, respectivamente, pero tamén hai que sinalar o raposo que produciu 88 accidentes, e o teixugo que orixinou 52

As provincias do interior, Lugo e Ourense, mantendo a tendencia dos últimos anos, seguen a ser as que concentran a maior siniestralidade (táboa 22).

	XABARIL	CORZO	CERVO	LOBO	RAPOSO	COELLO	LEBRE	AVES	TEIXUGO	Outros animais	Animais non identificados	TOTAL	% provincia
CORUÑA	486	136	2	1	24	0	0	1	17	3	18	688	20,75
LUGO	721	438	1	2	34	3	0	2	20	7	20	1248	37,65
OURENSE	665	302	3	3	19	0	1	1	8	2	23	1027	30,98
PONTEVEDRA	275	34	4	0	11	0	0	0	7	2	19	352	10,62
TOTAL	2147	910	10	6	88	3	1	4	52	14	80	3315	
% especie	64,77	27,45	0,3	0,18	2,65	0,09	0,03	0,12	1,57	0,42	2,41		

Táboa 22: sinistros producidos polos animais cinexéticos, porcentaxe por animal e provincia(ano 2016)

3.2 Evolución dos accidentes de circulación, período 2010-2016.

Ao examinar os datos da siniestralidade durante o período 2010-2017, apréciase que os accidentes de circulación producidos polos animais de caza maior durante este período foron aumentando ano tras ano, agás no ano 2011 no que se rexistrou un moderado descenso, coincidindo precisamente coa tempada cinexética na que se produciu a porcentaxe máis alta de capturas de caza maior (dos 28.083 animais autorizados cobráronse 22.558, máis do 80% do cupo autorizado).

A media de sinistros durante o período analizado foi de 2.381 accidente/ano, e deles máis de 1452 accidentes/ano foron provocados polo xabaril. As provincias do interior foron as que tiveron a media de sinistros máis alta, con máis de 955 accidentes/ano Lugo, e máis de 635 Ourense; na que menos percances deste tipo se produciron foi en Pontevedra, cunha media de 267 accidentes/ano (táboa 23, gráfico 34).



Federación Galega
de Caza



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO




"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"

	2016	2015	2014	2013	2012	2011	2010	Media accidente por ano
CORUÑA	688	638	444	539	543	327	487	523,71
LUGO	1248	1143	953	993	1030	549	771	955,29
OURENSE	1027	824	619	657	554	270	496	635,29
PONTEVEDRA	352	264	219	305	278	178	271	266,71
	3315	2869	2235	2494	2405	1324	2025	2381

	2016	2015	2014	2013	2012	2011	2010	Media accidente por ano
Xabaril	2147	1797	1379	1464	1422	719	1237	1452,14
Corzo	910	860	717	788	751	482	592	728,57
Cervo	10	2	5	9	9	6	7	6,86
Lobo	6	7	9	0	0	0	0	3,14
Raposo	88	77	65	65	39	21	43	56,86
Coello	3	1	2	0	0	0	0	0,86
Lebre	1	3	3	0	0	0	0	1,00
Aves	4	4	3	0	0	0	0	1,57
Teixugo	52	43	45					20,00
Outros animais	14	10	7	168	184	96	146	89,29
Non identificados	80	65	0	0	0	0	0	20,71
	3315	2869	2235	2494	2405	1324	2025	2381

Táboa 23: Evolución dos accidentes producidos pola fauna cinxética, por provincias e animal (período 2010-2016)



Gráfica 34: Evolución dos accidentes producidos por animais cinxéticos (período 2010-2016)



Federación Galega
de Caza



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"

3.3 Seguros de responsabilidade civil de tecor e a siniestralidade.

Na actualidade **o 53% dos tecores administrados por entidades de cazadores federadas teñen concertado o seguro de RC de Cotos con Mutuasport ou con outras aseguradoras a través da FGC.**

En números absolutos, respecto ao 2015 tramitáronse 12 pólizas menos no conxunto de tódalas provincias, debido á gran oferta e disparidade de prezos que existe no mercado actual, o que sen dúbida favorece ás sociedades de cazadores (táboa 24).

	Tecores Admdos Entidades Federadas	Tecores asegurados a través da FGC	% tecores asegurados a través da FGC
CORUÑA	110	68	61,82
LUGO	132	76	57,58
OURENSE	66	19	28,79
PONTEVEDRA	72	39	54,17
TOTAL	380	202	53,16

Táboa 24: Porcentaxe de tecores asegurados coa mediación da FGC (ano 2016)

Durante esta tempada a media de sinistros situouse en **0,42 accidentes por tecor, producíndose 42 accidentes menos que o ano anterior.** O maior número de accidentes orixinados pola fauna cinxética entre as sociedades de caza aseguradas a través da FGC sucederon nas provincias de Lugo e Ourense con preto de 1 accidente por tecor, e a máis baixa en Pontevedra con apenas 0,05 accidentes por tecor asegurado (táboa 25 e gráfico 35).

	Tecores asegurados	Sinistros RC tecor	Media Sinistros por tecor
CORUÑA	68	25	0,37
LUGO	76	46	0,61
OURENSE	19	11	0,58
PONTEVEDRA	39	2	0,05
TOTAL	202	84	0,42

Táboa 25: Porcentaxe de sinistros por tecores asegurados a través da FGC (ano 2016)



Federación Galega
de Caza



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"

Desde o ano 2011 o número de accidentes está a descender ano tras ano, e no 2016 rexistrouse a siniestralidade máis baixa dos últimos sete anos, con **340 accidentes menos que no 2010** (táboa 26, gráfico 35).




Gráfico 35: Comparación tecores asegurados e siniestros, período 2010-2016

	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
Tecores asegurados	265	246	217	230	226	214	202
Siniestros	424	535	460	430	259	126	84
Media de siniestros p/tecor	1,60	2,17	2,12	1,87	1,15	0,59	0,42

Táboa 26: Media de siniestros por tecores asegurados a través da FGC (período 2010-2016)



Federación Galega
de Caza



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"

A CAZA COMO ACTIVIDADE DEPORTIVA

Independentemente da importancia da actividade cinexética como tal, a actividade deportiva tamén ocupa un notorio lugar, tanto no referente aos éxitos dos deportistas da Selección galega (e provincial), como na participación, e organización de probas, o que ao mesmo tempo contribúen aoadestramento do cazador de cara á época de caza, coadxuvando á prevención de accidentes, e fomentando a actividade deportiva no rural galego.

FGC é a **única entidade autorizada para organizar as competicións oficiais da modalidade de Caza de ámbito autonómico**, competencia delegada pola Xunta de Galicia á FGC.

Anualmente, a Federación Galega de Caza organiza os campionatos autonómicos e provinciais das especialidades deportivas de percorridos de caza con pratos, percorridos de caza con arco, caza con arco ao voo, compak sporting, paxariles, cans de rastro atrelados sobre xabril, rastro de coello, san huberto, cans de parada, cetraría, raposo, caza menor, arceas, agility, e desde este ano tamén field target e hunting field target; ademais doutras competicións puntuables para a Copa Galicia das disciplinas de percorridos de caza con pratos, raposo, rastro de xabril, rastro de coello, san huberto, e cans de parada.

1. *Calendario 2016.*

Durante esta tempada a **FGC organizou e dirixiu técnica e administrativamente 98 campionatos oficiais** (40 provinciais, 14 galegos, 12 probas de Liga, 29 da Copa Galicia, e 3 probas oficiais abertas); 5 competicións máis que na edición anterior.

O maior número de competicións corresponde á disciplina de rastro de xabril e agility, con 16 e 12 probas oficiais, respectivamente.

A participación foi de 4.632 deportistas (127 máis que na tempada anterior), **preto dunha cuarta parte dos federados participaron en competicións oficiais**.

A media de participación máis alta -respecto ao número de competicións de cadaunha das disciplinas- correspondeu a Raposo e Paxariños, cunha media de máis de 251 e máis de 100 participantes, respectivamente; mentres que a máis baixa foi en caza menor e xabril, cunha media de 14 e 21 participantes por competición.

Para a organización dos diferentes campionatos oficiais a **FGC mobilizou 252 xuíces e árbitros**, unha media de 3 xuíces por competición que xulgaron un promedio de 11 deportistas por proba.

Ademais das competicións oficiais sinaladas no parágrafo 1 deste apartado, a **FGC autorizou a celebración de 87 competicións e adestramentos de carácter social e outras probas abertas** de libre participación, que organizaron as diferentes entidades deportivas de Caza federadas, polo que **se sumamos ás probas oficiais estoutro tipo de probas abertas, obsérvase que en Galicia disputáronse durante a tempada 2016 unha media de catro competicións cada fin de semana (táboa 27 e 28).**



Federación Galega
de Caza



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"

Disciplina	Nº competicións	Nº participantes	Nº xuíces ou árbitros	Media participantes competición	Media xuíces competición	Media participantes por xuíz
Compak Sporting	4	154	13	38,5	3,25	11,85
Percorridos Caza	10	334	40	33,4	4	8,35
Rastro Xabril	16	336	39	21	2,44	8,62
Paxariles	3	301	9	100,33	3	33,44
Arco	5	113	10	22,6	2	11,3
Cans de Parada	8	219	27	27,38	3,38	8,11
San Huberto	10	226	46	22,6	4,6	4,91
Rastro Coello	7	421	41	60,14	5,86	10,27
Cetraría	6	130	15	21,67	2,5	8,67
Caza Menor	5	72	---	14,4	---	---
Arceas	5	116	---	23,2	---	---
Raposo	7	1760	---	251,43	---	---
Agility	12	450	12	37,5	1	450
TOTAL	98	4632	252	47,27	2,65	10,65

Táboa 27: resumo da participación nas probas da tempada 2016

	Outras competicións e adestramentos
CORUÑA	39
LUGO	11
OURENSE	15
PONTEVEDRA	22
Total	87

Táboa 28: Outras competicións non oficiais autorizadas

2. Resultados.

2.1 Medalleiro.

No **Anexo I** da presente memoria consta a relación de tódolos campións das diferentes probas oficiais (autonómicas, provinciais, e copa Galicia), así como a data e lugar de celebración, entroutra información.

2.2 Pódio da Selección Galega.

Durante esta tempada a Selección Galega, integrada por 41 dos 49 deportista (os campionatos de España de Arco e Arceas foron suspendidos), previamente clasificados nos respectivos campionatos Galegos, disputaron os campionatos de España de Agility, Compak Sporting, Percorridos de Caza, Cans de Parada, Cetraría, Rastro de Xabril, Paxariles, San Huberto e Caza Menor, representando tanto á Federación Galega de Caza como á Comunidade Autónoma de Galicia, onde **acadaron 19 títulos para o Deporte Cinxético Galego**: 6 ouro, 4 pratas, e 1 bronce, ademais de 3 cuartos postos, e 5 quintos; catro títulos máis que na tempada 2015 (táboa 29, imaxe 3).



Federación Galega
de Caza



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"

Denominación da competición	Podios					Total podios S.G.
	1º	2º	3º	4º	5º	
<i>Cpto España Agility (Alicante)</i>	2	1	1	1	2	7
<i>Cpto de España de Compak Sporting (Albacete)</i>	2				1	3
<i>Cpto de España de Percorridos Caza (Soria)</i>	1			1	1	3
<i>Cpto España Cans Parada (Toledo)</i>	1					1
<i>Cpto España Cetraría (Sevilla)</i>	1					1
<i>Cpto España Rastro Xabaryl (Portas, Pontevedra)</i>		1				1
<i>XXII Campionato de España de Paxariles</i>				1	1	2
<i>Cpto España San Huberto (Madrid)</i>				1		1
<i>Cpto España Caza Menor (Soria)</i>						0
Total	7	2	1	4	5	19

Táboa 29: Palmarés da Selección Galega (tempada 2016)

Deportista, Club		Especialida de Deportiva	Título e denominación da Competición	Lugar	Data	Categoría
<i>Equipo Club Wecan:</i> Iglesias Fernández, José Carlos con <i>Urxo</i> Souto Tobío, Carlos con <i>Indi</i> Sobral Crespo, Francisco con <i>Dux</i> Iglesias Fernández, José Carlos con <i>Tanis</i>		Agility	Equipo campión <i>por clubs</i> no Campionato de España	Torreveja (Alicante)	14, 15, e 16 de outubro de 2017	Equipo Clubs
Torres Taboada, José Angel, con <i>Lume</i> (AD A.Tercans)		Agility	Campión <i>grao 2 small</i> do Campionato de España	Torreveja (Alicante)	14, 15, e 16 de outubro de 2017	Grao 2 small
Formoso Barro, Artemio (Sdade Terra Cha)		Compak Sporting	Campión <i>handisport</i> do Campionato de España	Almansa (Albacete)	17, 18 e 19 de xuño de 2016	Handisport
Blanco Puertas, Manuel (G.E. Citroën)		Compak Sporting	Campión <i>sénior 3ª</i> do Campionato de España	Almansa (Albacete)	17, 18 e 19 de xuño de 2016	Sénior 3ª
Formoso Barro, Artemio (Sdade Terra Cha)		Percorridos de Caza	Campión <i>handisport</i> do Campionato de España	Castillejo de Robledo (Soria)	10, 11 e 12 de xullo de 2016	Handisport
<i>Jumper de Bosende</i> , de Pena Vázquez, Andrés (Sdade Terra Chá)		Cans de Parada	Campión de <i>razas británicas da 2ª proba</i> do Campionato de España	Camerana (Toledo)	4 de setembro de 2016	Británicas
Guizán Trastoy, José (Sdade Galega de Cetraría)		Cetraría	Campión da Copa da Baixo Voo a <i>pluma (faisán con aguija de harris)</i> no Campionato de España	Osuna (Sevilla)	2, 3, 4 e 5 de decembro de 2016	Baixo Voo Harris
Rodeiro Eiras, Francisco (Sdade Touro)		Rastro de Xabaryl	Subcampión do Campionato de España	Portas (Pontevedra)	15 e 16 de xullo de 2016	Absoluta
<i>Equipo Tercans:</i> Santomé González, Manuel con <i>Eo</i> Santomé González, Manuel con <i>Gon</i> García Rodríguez, Miguel con <i>Cies</i>		Agility	2º Equipo Campión <i>por clubs</i> no Campionato de España	Torreveja (Alicante)	14, 15, e 16 de outubro de 2017	Equipo Clubs

Deportista, Club	Especialidade de Deportiva	Título e denominación da Competición	Lugar	Data	Categoría
Iglesias Fernández, José Carlos, con <i>Urxo</i> (Club A. Wecan)	Agility	3º clasificado <i>grao 2 large</i> do Campionato de España	Torreveja (Alicante)	14, 15, e 16 de outubro de 2017	Grao 2 large
Santomé González, Manuel, con <i>Eo</i> (AD A.Tercans)	Agility	4º clasificado <i>grao 2 large</i> do Campionato de España	Torreveja (Alicante)	14, 15, e 16 de outubro de 2017	Grao 2 large
Iglesias Otero, Antonio (SD Río Sar)	Percorridos de Caza	4º clasificado sénior 2ª do Campionato de España	Castillejo de Robledo (Soria)	10, 11 e 12 de xullo de 2016	Sénior 2ª
González Carrodegas, Nicolasa (Sdade Urogallo)	San Huberto	4ª Clasificada en <i>donas</i> no Campionato de España	Navas de Rey (Madrid)	10 e 11 de setembro de 2016	Donas
Fajardo Cao, Iván (Sdade A Faisca)	Paxariles	4º clasificado en <i>liñaceiro</i> do Campionato de España	Boadilla del Monte (Madrid)	28 e 29 de maio de 2016	Liñaceiro
Hermelo Martínez, Rocío, con <i>Tris</i> (AD A.Tercans)	Agility	5ª clasificada <i>grao 2 toy</i> do Campionato de España	Torreveja (Alicante)	14, 15, e 16 de outubro de 2017	Grao 2 toy
Souto Tobío, Carlos, con <i>hachi</i> (Club A. Wecan)	Agility	5º clasificado <i>grao 2 small</i> do Campionato de España	Torreveja (Alicante)	14, 15, e 16 de outubro de 2017	Grao 2 small
Equipo GALICIA: Baquero Villafines, Martín (FGC Po) Blanco Puertas, Manuel (G.E. Citroën) Cebreiro García, Daniel (SD Río Sar)	Compak Sporting	5º clasificado <i>por equipos</i> do Campionato de España	Almansa (Albacete)	17, 18 e 19 de xuño de 2016	Equipo autonómico
Saavedra Suárez, Mª Mercedes (Sdade S.Corneda)	Percorridos de Caza	5ª clasificada <i>donas</i> do Campionato de España	Castillejo de Robledo (Soria)	10, 11 e 12 de xullo de 2016	Donas
Beltrán Blanco, María del Pilar (Sdade A Faisca)	Paxariles	5ª clasificada en <i>xílgaro</i> do Campionato de España	Boadilla del Monte (Madrid)	28 e 29 de maio de 2016	Xílgaro

Imaxe 3: Podio da Selección Galega (tempada 2016)

3. Área técnica.

A área técnica da FGC intégrana 21 monitores de arco, 19 adestradores de tiro, e 534 xuíces e árbitros, que son os responsables de velar polo cumprimento dos regulamentos e normativa de competición durante o desenvolvemento das diferentes competicións oficiais (*táboa 30*).

Especialidade Deportiva	Xuíces e Árbitros		Adestradores		Monitores		TOTAL		
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Xuíces e Árbitros	Adestradores	Monitores
Tiro (percorridos e compak)	120		19				120	19	0
Rastro (xabaril e coello)	186	7					193	0	0
Paxariles	5						5	0	0
Arco	29	1			19	2	30	0	21
Cetraría	22	2					24	0	0
Agility	8	2					10	0	0
Cans (parada e san huberto)	144	8					152	0	0
TOTAL	514	20	19	0	19	2	534	19	21

Táboa 30: Xuíces e técnicos da FGC (tempada 2016)

4. Formación: Iniciación ao Arco, Seguridade e Primeiros Auxilios.

Durante este ano a FGC desenvolveu un curso **de Iniciación á Caza con Arco**, e **Cursos de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios** en tódalas provincias, con extraordinaria acollida e unha gran afluencia de participantes como veremos a continuación.

4.1 Iniciación ao arco.

CURSO DE INICIACIÓN Á CAZA CON ARCO

9 e 10 de abril na Casa Cazaleiro en Meira – Lugo

O curso dará comezo o sábado 9 ás 17:00 h e rematará o domingo 10 ás 15:00 h

- Información sobre a Caza con Arco en Galicia
- Modalidades de caza con arco
- Conceptos básicos sobre o equipo do arquero
- Batidos e tiros desde postos elevados e montaxe dos mesmos
- Saída ao monte con simulacro real de xexo de corzo
- Prácticas de tiro para todos os asistentes

Prezo 25 € (incluído xantar de obxectivo)

Prezo de inscrición ata o 5 de abril

Inscrición e máis información: 666.407.232 – 609.779.297



Os días 9 e 10 de abril, desenvólíase en Meira (Lugo), un **curso de iniciación á Caza con Arco**, impartido polos arqueiros Jaime Villaverde Balado e Pedro J. Martínez Angel.

O cursiño de caza con arco, ao que asistiron 25 cazadores, consistía nunha xornada teórica con prácticas de tiro durante unha saída ao monte na que se realizou un simulacro real de axexo ao corzo.



4.2 Cursos de Prevención da Siniestralidade: Seguridade e Primeiros Auxilios na Caza.

Aínda que a porcentaxe de sinistros de caza graves non é significativa en cantidade se temos en conta o número de cazadores e as batidas e monterías que se desenvolven durante a época de caza maior, o feito de que haxa unha soa vítima é preocupante para a FGC, máxime tendo en conta que este tipo de accidentes se poderían evitar co simple feito de ser precavido e adoptar unhas mínimas medidas de seguridade. Con este obxectivo a FGC desenvolveu durante este ano unha campaña de divulgación da Seguridade na Caza, repartindo folletos, sinais de atención de cazaría, e chalecos de visibilidade; ao tempo que impartía cursos de Seguridade e Primeiros Auxilios na Caza, en tódalas provincias, dirixidos a tódolos cazadores, principalmente aos Responsables de Cazaría.

Os cursos tiñan por obxecto formar aos cazadores nas diferentes técnicas de seguridade para previr accidentes, así como nas nocións básicas de primeiros auxilios para poder actuar no caso de accidente, enfermidade común ou calquera outro tipo de emerxencias, incluídos os percances que puideran sufrir os cans.



Federación Galega
de Caza



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"

- *Curso celebrado en Santiago de Compostela, 23 de setembro.*

A Escola Galega de Administración Pública, en Santiago de Compostela, acollía a celebración da primeira xornada formativa sobre Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios. A inauguración do curso corría a cargo do Presidente da Federación Galega, Javier Nogueira, acompañado do Presidente Provincial de A Coruña, Manuel Saa Casariego.

Nesta primeira xornada formativa participaban 172 cazadores.



- *Curso celebrado en Lugo, 30 de setembro.*

A Facultade de Veterinaria da USC, en Lugo, era o lugar de encontro do segundo curso formativo sobre Seguridade e Primeiros Auxilios na Caza. Nel participaban 176 cazadores.



- *Curso celebrado en Xinzo de Limia, 7 de outubro.*

Na Casa da Cultura de Xinzo de Limia, dábanse cita 198 cazadores, para seguir o Curso de Seguridade e Primeiros Auxilios que se desenvolvía na provincia de Ourense.



- *Curso celebrado en Pontevedra, 14 de outubro.*

E por último, a Casa da Comunidade de Montes de Marcón, acollía o último curso desta tempada adicado á seguridade e primeiros auxilios dos cazadores, ao que acudían 174 cazadores.



- *Xornadas de Seguridade destinadas a gardas e persoal de MOT A Coruña, 13 de decembro*

A FGC Coruña, en colaboración coa Delegación Territorial da Consellería de MOT, tamén organizou unhas Xornadas que se celebraron na sede da Delegación da Consellería, destinadas a gardas e persoal de Medio Ambiente, no que participaron 20 funcionarios, entre os que estaba como asistente a propia Delegada Territorial.



Federación Galega
de Caza



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"

A FGC AO SERVIZO DO FEDERADO

Os cazadores e as sociedades de caza federadas dispoñen, entroutras moitas prestacións, dos seguintes servizos federativos:

TODO INCLUÍDO

- > Danos propios
- > Seguro RC obrigatorio
- > Seguro RC voluntario
- > Defensa xurídica
- > RC de Cans ata 30 días despois de perda ou extravío

Seguros de de accidentes persoais con asistencia sanitaria ademais doutras moitas prestacións, concertado con Mutuasport, a única mutua dirixida por e para cazadores.

Seguros de Responsabilidade Civil do cazador e dos cans, e defensa xurídica do cazador, concertados con Mutuasport.

Seguros de Responsabilidade Civil de tecores, de batidas, de montarías, de competicións, de xuntas directivas, etc, concertados con Mutuasport.



Asesoría xurídica gratuíta, a cargo dunha letrada experta en lexislación e normativa cinexética e deportiva (máis información nas páxinas 47 e 48).



Licenzas para uso de emisoras con frecuencias exclusivas, de ámbito AUTONÓMICO ou PROVINCIAL, con varios canais de comunicación exclusivos para o uso dos federados (máis información nas páxinas 49 e 50).



A través dos establecementos adheridos ao **Club de Descontos exclusivo para os federados**, os cazadores contan con numerosos descontos e ofertas nos produtos e servizos que precisan para a práctica cinexética (máis información, nas páxinas 51 e 52).



Mensualmente tódalas Sociedades de Caza reciben nas súas sedes sociais, e os cazadores federados a través do correo electrónico, a revista **Galicia Cinexética** (máis información nas páxinas 57 e 58).



Información puntual a través da **web federaciongalegadecaza.com**, actualizada permanentemente por persoal informático da propia Federación, e a través dos seus perfís de **facebook e twitter** (máis información, páxinas 53 a 57)



Servizo de tramitación de **Licenzas de Caza** para tódalas Comunidade Autónoma do estado.



Federación Galega
de Caza



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO




"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"



Representación nos **Comités Provinciais e Galego de Caza, así como noutros foros nos que se debaten cuestións que afectan á actividade cinexética**, defendendo a postura e dereitos de tódolos cazadores e de tódalas sociedades galegas.



Información puntual de **Axudas e subvencións**, tanto da Xunta de Galicia como dos Organismos Provinciais.



Como alternativa á caza tradicional, os cazadores federados poden participar nas diferentes fases das **Competicións deportivo-cinexéticas**, de 14 especialidades deportivas distintas. Os mellores deportistas de cada disciplina formarán as respectivas seleccións provinciais e galegas que participaran subvencionados pola FGC no Campionato Autonómico, e no Campionato de España.



A FGC conta con **Oficinas federativas en tódalas provincias**, ademais da súa sede central en Santiago de Compostela, na que persoal altamente cualificado trata de dar solución ás consultas e problemas que lle plantexan diariamente os cazadores e as sociedades.



Os deportistas (federados), as sociedades, as xuventudes, e os xuíces e árbitros, teñen **dereito a elixir ou ser elixidos para os órganos de goberno e representación da Federación Galega e das Federacións Provinciais**.



O banco de datos **Compartir Caza**, pon a disposición dos cazadores a posibilidade de exercer a caza en diferentes tecores de Galicia a través de permisos diarios ou temporais; mentres que as sociedades de caza teñen á súa disposición este servizo federativo para poñer a disposición dos cazadores foráneos os seus permisos de caza.



A través da campaña **Caza segura para cazar ben**, impulsada desde a Federación, preténdese concienciar aos cazadores sobre as necesidades de adoptar as máximas medidas de seguridade na práctica da caza para evitar accidentes (máis información nas páxinas 43 e 44).



O **Observatorio da Caza** ten por finalidade o estudo en xeral de distintos aspectos da caza, e nel participan técnicos e científicos que estudan e avalían os diferentes aspectos sanitarios, ambientais, e socioeconómicos.

A ACTIVIDADE DA ASESORÍA XURÍDICA

Os cazadores e as sociedades de caza federadas dispoñen dunha asesoría xurídica gratuíta a cargo dunha experta avogada en lexislación e normativa cinexética e deportiva.

1. Tipo de asesoramento.

O asesoramento xurídico abarca todo tipo de consultas e informes sobre aspectos legais no eido administrativo, cinexético e deportivo: contestación a consultas formuladas polos federados, alegacións a denuncias de caza, contestación a consultas de sociedades, revisión de estatutos e regulamentos internos, conflitos entre socios e sociedades, asesoramento nos procesos electorais, etc. etc..

Durante este ano, **de cada 10 trámites realizados pola asesoría xurídica máis de 5 corresponderon a asesoramento ás sociedades e aos cazadores**, incluídas as alegacións a denuncias de caza formuladas contra ambos.

Ademais do asesoramento ás sociedades e federados, o conflito que se mantén coa RFEC desde as eleccións do ano 2012 ocupou unha boa parte do labor xurídico; e derivado delo mantívose tamén a actividade ante os tribunais. A finais de marzo pronunciábase a Audiencia Provincial da Coruña revocando a sentenza do Xulgado de Instancia núm. 1 de Santiago, pola que se condenaba á FGC a pagar á RFEC o importe das licenzas federativas autonómicas do ano 2013. **A FGC, disconforme co fallo e coa súa argumentación, interpuxo ante o Tribunal Supremo un Recurso de Casación e outro por Infracción Procesal**, pendente de ser admitido a trámite ao peche desta memoria.

Os informes técnicos realizados polo gabinete xurídico a petición da Federación (anteproxecto de lei de animais domésticos, orde do veneno, competicións, etc.), xunto cos expedientes disciplinarios, tamén ocuparon boa parte do **labor da asesoría, que pechaba este ano cun volume de 763 trámites, ou o que é o mesmo unha media de máis 3 informes diarios**. (gráfico 36).




Gráfico 36: Trámites da asesoría xurídica (ano 2016)

2. Evolución das xestións xurídica, período 2013-2016.

Durante o último cuatrienio a asesoría xurídica emitiu unha media de máis de 700 informes anuais. Deles máis do 60% correspondían a informes externos e alegacións a denuncias realizadas a petición das sociedades e dos cazadores (gráfico 37 e táboa 31).




Gráfico 37: Evolución dos trámites xurídicos (período 2013-2016)

	2013	2014	2015	2016	Media informes 2013-2016
Informes xurídicos a Sdades: estatutos, consultas, eleccións, mediación, etc	188	163	215	195	190,25
Informes xurídicos a cazadores: consultas, mediación, etc.	50	136	130	123	109,75
Achegas a Exptes denuncias de caza	143	146	157	94	135,00
Expte disciplinarios	6	24	39	27	24,00
Outros informes técnicos	179	272	161	243	213,75
Tribunais, CSD, CGXD, conflito RFEC	0	0	99	81	45,00
TOTAL	566	741	801	763	717,75

Táboa 31: Tipo de trámites e media período 2013-2016

AS EMISORAS COMO FERRAMENTA DE SEGURIDADE

O uso de aparellos de radiofrecuencia (emisoras) durante a práctica da caza é unha ferramenta de seguridade para os cazadores, que reduce notablemente o risco de accidentes. De feito nos últimos anos vense constatando que o uso deste tipo de dispositivos na actividade cinexética, ademais de ofrecer unha maior coordinación e comunicación entre os participantes de cacerías colectivas, tamén minora o número de incidentes e accidentes.

1. As emisoras de radiofrecuencia e o seu ámbito.

Para que os cazadores poidan utilizar legalmente este tipo de aparellos, a FGC conta coa autorización de Telecomunicacións para o uso privativo do dominio público radioeléctrico para a actividade cinexética nas provincias de A Coruña, Ourense e Pontevedra, e desde o pasado 2014 ten a cesión temporal da rede de Lugo mediante convenio subscrito coa Asociación Lucense de Caza que é a titular da mesma, co que na actualidade a rede da FGC dispón de 25 frecuencias autorizadas para o uso dos federados.

Durante o ano 2016 o 50% dos federados (9.821) empregaban emisoras legalizadas coas frecuencias da federación.

Os federados, en función das súas necesidades, poden optar pola licenza de radiofrecuencia de uso Provincial ou Autonómico, 5.328 federados elixiron licenza de uso provincial fronte a 4.493 que escolleron a licenza autonómica para poder empregar as emisora en tódalas provincias (gráfico 38).





Gráfico 38: Tipo de emisoras autorizadas, por provincias (ano 2016)

2. Evolución de licenzas de uso de emisoras, período 2014-2016.

Desde a posta en marcha da licenza de emisora de uso autonómico (ano 2014), os federados foron transformando maioritariamente as súas licenzas provinciais en autonómicas, agás na provincia de Lugo onde son maioritariamente de uso provincial, só o 8% dos carnés de emisoras expedidos nesta provincia foron autonómicas; mentres que en Ourense as autonómicas representan xa máis do 98% do total de licenzas emitidas pola provincia; en Pontevedra o 81%, e preto do 70% na Coruña.



Ao comparar os datos das autorizacións de emisoras emitidas no 2014 cos actuais obsérvase que preto de **4 cazadores de cada 10** cambiaron a súa licenza de emisora provincial pola autonómica (táboa 32)

	2016		2015		2014	
	Licenzas uso Emisoras Autonómicas	Licenzas uso Emisoras Provinciais	Licenzas uso Emisoras Autonómicas	Licenzas uso Emisoras Provinciais	Licenzas uso Emisoras Autonómicas	Licenzas uso Emisoras Provinciais
Coruña	1992	891	1808	925	1471	1054
Lugo	358	4173	299	4411	359	4942
Ourense	1132	23	1143	38	889	315
Pontevedra	1011	241	909	300	643	319
	4493	5328	4159	5674	3362	6630

Táboa 32: Licenzas de uso de emisoras, según ámbito de autorización e provincias(período 2014-2016)



Federación Galega
de Caza



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"

O CLUB DE DESCONTOS, EXCLUSIVO DE FEDERADOS

O *Club de Descontos Exclusivo para Cazadores Federados* ten por obxecto **facilitar aos cazadores federados as mellores ofertas nos artigos e servizos que precisen para a práctica da actividade cinexética ou actividades relacionadas con ela**, e ao mesmo tempo abre a posibilidade, a tódalas empresas e establecementos vencellados á caza, de agruparse a través del para ofrecer os seus produtos, xerando así unha importante corrente de oferta e demanda, ao tempo que **pon en valor as prestacións da licenza federativa autonómica**.

Durante este ano producíronse 9 novas altas, e causaron baixa 3 establecementos por peche de actividade; **rematando o ano con 79 establecementos asociados**. Deles, 45 ubícanse na provincia de A Coruña, 9 na Lugo, 8 na Ourense, e 14 na de Pontevedra, pero tamén hai 1 de ámbito autonómico, e 2 de fora da CCAA

1. Tipo de establecementos que ofrecen descontos aos federados.

Ao analizar os establecementos pola actividade que desenvolven, obsérvase que **máis da metade deles, un 53%, son centros psicotécnicos** e clínicas médicas, situándose a continuación as clínicas veterinarias e perruquerías caninas (14%), pero tamén hai armerías, tendas de deportes, e tendas especializadas en aparatos de radiofrecuencia; clínicas de fisioterapia, establecementos de alimentación canina, servizos de caza e ambientais, e mesmo tanatorios para cans, hoteis, restaurantes, gasolineras, e xestorías, entroutros. (táboa 33).

Tipo de establecemento	Nº Establecementos	%		
Clínicas médicas e centros psicotécnicos	42	53,16	Nº establecementos	
Clínicas veterinarias e perruquerías caninas	11	13,92		
Clínicas de fisioterapia	4	5,06		Coruña 45
Armerías, deportes e tendas especializadas	8	10,13		Lugo 9
Caza e actividade ambiental	2	2,53		Ourense 8
Alimentación canina	2	2,53		Pontevedra 14
Hoteis e restaurantes	5	6,33		Outros 3
Outros	5	6,33		79
(asesorías, gasolineras, informática, tecnoloxías, trofeos, tanatorio cans, etc)				
	79			

Táboa 33: Establecementos Club Dtos. por tipo de establecemento e provincia (ano 2016)

Cada mes, na *Revista Galicia Cinexética* actualízanse os establecementos adheridos, e na páxina web da FGC póñense ao día permanentemente tanto os establecementos como as tarifas de desconto especial que estes aplican aos federados nos diferentes produtos, artigos e servizos que ofrecen (*imaxe 4*).

Clube de DESCONTOS/S

Neste clube tes as mellores ofertas para todas as túas necesidades

E para moito máis...

Concedida a: EL REFLEJO, EL O'XARDIN, TICSAGES, NAGAR, GRAN HOTEL DE LA TOJA, HOTEL ISLA DE LA TOJA, SARELA, LOS ABETOS, FLORENTINA, ANTELA, EUROSTARS, OCA HOTELS.

Clube de DESCONTOS/S

Federación Galega de Caza

EXCLUSIVO FEDERADOS

Clinicas veterinarias, Armerías, Psicotécnicos, Hoteles restaurantes, Marcas comerciales, Grandes almacenes, Alimentación Caza.

INFÓRMATE

FGC A CORUÑA, FGC LUGO, FGC OURENSE, FGC PONTEVEDRA, FGC SANTIAGO.



Imaxe 4: Publicación dos establecementos adheridos en Galicia Cinexética e na web da FGC

2. Evolución do club de descontos, período 2012-2016.

O Club de Descontos pasou dos 32 establecementos adheridos no ano 2012 aos 79 actuais. O crecemento máis significativo durante este período produciuse nos psicotécnicos, veterinarios e armerías, tratando así de abaratar os custos nos produtos e servizos que máis demandan os cazadores (táboa 34).

Tipo de establecemento	2016	2015	2014	2013	2012
Clínicas médicas e centros psicotécnicos	42	41	36	25	19
Clínicas veterinarias e perruquerías caninas	11	11	11	8	5
Clínicas de fisioterapia	4	4	4	1	1
Armerías, deportes e tendas especializadas	8	8	8	8	3
Caza e actividade ambiental	2	2	2	3	1
Alimentación canina	2	2	3	2	1
Hoteles e restaurantes	5	3	1		
Outros	5	4	5	3	2
	79	75	70	50	32

Táboa 34: Evolución dos establecementos adheridos (período 2012-2016)



Federación Galega
de Caza



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"

A COMUNICACIÓN DA FGC COS SEUS AFILIADOS

Un dos aspectos máis importantes para a FGC é a comunicación e transparencia, no seu afán de trasladar ao colectivo de cazadores en xeral, e principalmente aos federados, toda a información que xera a actividade e particularmente aquelas noticias que pola súa dimensión e importancia poidan afectar directamente aos cazadores ou ás sociedades de caza.

En plena era das redes sociais, co correo postal practicamente en desuso, a FGC elixe cada vez máis as novas tecnoloxías para comunicarse puntualmente cos seus afiliados, para elo conta coa páxina web www.federaciongalegadecaza.com e coa súa revista *Galicia Cinexética*, pero tamén coas redes sociais facebook e twitter, co correo electrónico, e cos mensaxes de texto (sms), e recentemente ven de incorporar tamén a tódalas súas sedes un número de teléfono con wassap.

1. Páxina web: www.federaciongalegadecaza.com, un sitio de referencia

Un ano máis a páxina web da Federación Galega de Caza segue a ser a referencia absoluta para os cazadores galegos, como demostra unha simple procura no buscador Google:

The screenshot shows a Google search for "caza galicia". The search bar at the top contains the text "caza galicia". Below the search bar, there are tabs for "Todo", "Maps", "Noticias", "Videos", "Imágenes", "Más", and "Herramientas de búsqueda". The search results show approximately 356,000 results in 0.48 seconds. The first result is from the Federación Galega de Caza website, with the title "Federación Galega de Caza | A web dos cazadores galegos" and the URL "www.federaciongalegadecaza.com". The snippet mentions the official website of the Federación Galega de Caza and its role in managing hunting activities in Galicia. Other results include "MIL ANUNCIOS.COM - Caza en Galicia" and "MIL ANUNCIOS.COM - Alquiler de cotos de caza en Galicia". On the right side of the search results, there is a preview of the Federación Galega de Caza website, showing its logo, a map, and contact information.

Se buscamos "caza Galicia" no buscador máis empregado do mundo, a **primeira referencia inmediata é o sitio web da FGC**, mesmo superando á propia páxina da xunta de Galicia.

Este tipo de buscadores analiza as páxinas webs que teñen unha maior repercusión no tema a buscar, e unha maior cantidade de información ao respecto, o que pon de manifesto a relevancia da versión dixital da Federación Galega de Caza en canto á fonte de información.

1.1 O número de visitas mantense estable.

Con **85.368 visitas absolutas no ano 2016**, a afluencia de visitantes reduciuse levemente nun 6,2% respecto ao ano pasado, mais sen chegar aos datos de 2014, converténdose no 3º mellor rexistro histórico, e reforzando a estabilidade da páxina web da FGC (gráfico 39).

Tamén é importante reseñar que **un 57,8% destes visitantes son recorrentes**, é dicir, visitaron a páxina web en máis dunha ocasión ao longo do ano, mentres que o restante 42,2% foron novos visitantes. Trátase pois do equilibrio esperado entre unha audiencia recorrente e ao mesmo tempo un fluxo de novos visitantes.




Gráfico 39: Evolución das visitas web (período 2008-2016)

Novamente as seccións máis populares da web foron as do **Taboleiro de Anuncios**, e **todas aquelas relacionadas coas Competicións**: calendario, novas de competicións, galería de fotos, etc. A información lexislativa tamén foi novamente das máis visitadas, co apartado xeral de Lexislación e especialmente a sección específica do "Exame do Cazador", que se converteu na 5ª máis visitada do ano.

A sección "**Revista de prensa**", onde se recollen a diario as novas relacionadas coa caza máis destacadas aparecidas na prensa nacional, aparece no **10º posto**. En contraposición desaparece deste ranking a sección "A FGC responde" dado que este ano decidiuse non seguir publicando respostas dos federados na páxina web (gráfico 40).



Gráfico 40: Seccións máis visitadas da web (ano 2016)

1.2 O móbil xa é o principal de acceso.



A tendencia detectada nos últimos anos veu definitivamente a converterse nunha realidade no 2016. **Neste ano, o móbil converteuse xa no principal medio de acceso á páxina web.** Un 48,6% das visitas efectuáronse deste xeito, mentres que un 46,6% foron dende un ordenador. O 4,8% restante das visitas chegaron dende unha tableta, polo que sumando ambos tipos de dispositivos móbiles obtemos un 53,4% das visitas totais. Sen dúbida a inmediatez de acceso mediante esta plataforma facilita que cada vez tome maior protagonismo (gráfico 41).




Gráfico 41: Modos de acceso á web (ano 2016)

1.3 As principais poboacións galegas, orixe das visitas.

As grandes capitais, tanto galegas como españolas, seguen a ser as que concentran o maior volume de tráfico cara a nosa web. Novamente **A Coruña segue liderando a táboa de poboacións galegas visitantes co 16,34% do tráfico**, aínda que destaca este ano a capital nacional cun primeiro posto e o 22,31% das visitas totais. Este feito pode darse non só pola afluencia real de visitantes dende esta comunidade, senón tamén porque moitos usuarios de Internet son identificados pola capital do seu país cando non se pode detectar a súa orixe real.

Polo demais, as principais poboacións galegas seguen a ser as que máis vistas aportan á web da Federación



	82.354 % del total: 96,47 % (85.368)
1. Madrid	19.049 (23,13 %)
2. A Coruña	13.951 (16,94 %)
3. Vigo	8.233 (10,00 %)
4. Santiago de Compostela	8.166 (9,92 %)
5. Lugo	6.260 (7,60 %)
6. (not set)	5.204 (6,32 %)
7. Ourense	4.282 (5,20 %)
8. Barcelona	3.088 (3,75 %)
9. Naron	2.940 (3,57 %)
10. Pontevedra	2.666 (3,24 %)

1.4 Google segue a ser o referente nas visitas.



Pese a que o buscador **Google segue a ser o gran referente, manténdose no 52% das visitas** que chegan á páxina web da Federación, as redes sociais seguen a aumentar a súa influencia no tráfico da páxina federativa (gráfico 42).




Gráfico 42: Orixe das visitas (ano 2016)

De entre as redes sociais, **Facebook segue a ser a primordial, aportando o 12% das visitas**. Neste senso, hai que destacar a cada vez máis frecuente publicación de contidos na páxina de Facebook da FGC, que **contaba, a 31 de decembro de 2016, con 2125 seguidores**.

Aínda que de xeito moito máis tímido, o cazador galego tamén comeza a usar cada vez máis a segunda gran rede social: Twitter. Proba delo é que **o perfil da FGC nesta rede xa contaba con 769 seguidores** a 31 de decembro de 2016, se ben estes seguidores no están tan activos nen aportan tantas visitas aos contidos da web federativa como Facebook.



1.5 Seguros e emisoras, os termos máis buscados.

Polas procuras no buscador da páxina web, podemos facernos unha idea das principais dúbidas e intereses dos cazadores, e aquela información que buscan na nosa web (gráfico 43).




Gráfico 43: termos máis buscados (ano 2016)

Destaca que a palabra “seguros” se converta por primeira vez na máis buscada, o cal pode confirmar a cada maior preocupación dos visitantes por os seguros de caza e concretamente os que oferta a Federación Galega de Caza.

2. Revista “Galicia Cinexética.”

Durante o 2016, a revista *Galicia Cinexética* editada pola Federación Galega de Caza, mantivo a súa edición mensual realizando 12 publicacións comprendidas entre os meses de xaneiro a decembro, (números do 84 ao 95), e segue a ser a única publicación especializada que se edita en Galicia.

Galicia Cinexética mantivo o seu carácter informativo e de formación para o cazador galego, facéndose eco de todas aquelas novas relacionadas co sector cinexético na CCAA así como da axenda de actividade e competicións levadas a cabo pola Federación Galega de Caza neste período de tempo.

No ano 2016, *Galicia Cinexética* seguiu contando cos soportes tecnolóxicos, mantendo a súa páxina web www.galiciacinexetica.com e máis presenza e actividade nas redes sociais co seu perfil en Facebook.



As páxinas de *Galicia Cinexética*, ao igual que en anos anteriores, foron un soporte publicitario para todos aqueles particulares e pequenas empresas relacionadas coa caza.

Esta publicación mantivo unha estreita relación coas sociedades de caza, reflectindo nas súas páxinas todos aqueles eventos e actos que levaron a cabo estas entidades. Mostra deste estreito vínculo son as promocións especiais que *Galicia Cinexética* ofrece ás Sociedades, así como o envío gratuito tódolos meses de exemplares da revista.

O trato directo cos cazadores por parte de *Galicia Cinexética* fíxose patente mes a mes, sendo esta publicación un soporte onde os apaixonados da caza teñen o seu espazo; ademais de recibir mensualmente de xeito gratuito a revista dixital a través do seu correo electrónico.



3. Programas especializados outros medios de comunicación.



A información cinexética, en xeral, apenas ten repercusión nos medios de comunicación xeralistas agás a apertura e peche da tempada cinexética ou sucesos puntuais, por iso o labor das páxinas web especializadas: *club de caza*, *caza wonke*, *coto de caza*, *caza world*, entroutras, xunto cos espazos radiofónicos da **Radio Galega Caza e Pesca na Galega**, que conduce o Director de *Galicia Cinexética*, Antón Arrojo; e o **magazine de Canal Vía V** que dirixe o veterano xornalista Luis Macías; aos que se uniu recentemente **Radio Nova FM co programa Caza e Natureza**, dirixido e coordinado polo Presidente Provincial da FGC Pontevedra, Francisco Couselo, **son os medios de comunicación especializados que os cazadores galegos escollen maioritariamente para informarse da actualidade cinexética.**



AXENDA: COMPETICIÓNS, REUNIÓNS E ACTIVIDADES.

A axenda do 2016 estivo repleta de actividades -como se pode constatar no **Anexo II** desta memoria-, mesmo en numerosas ocasións con verdadeiras dificultades para cadrala e así poder estar presente en tódolos actos e xuntanzas aos que a FGC era convocada ou convidada.

As competicións foron sen dúbida as grandes protagonistas das fins de semana, pero ao longo da semana a actividade tampouco decaeu.

As reunións institucionais (Medio Ambiente, Secretaría Xeral para o Deporte, Medio Rural, Incendios, Sanidade Animal, Seprona, Garda Civil, Deputación Provincial, PEFC, Telecomunicacións, Ufedega, Mutuasport, F-8, etc.) e as dos diferentes órganos da Federación foron as que marcaron a actividade principal pero tamén se celebraron xuntanzas con varias sociedades de caza, e atendíanse numerosas entrevistas nas sedes federativas, ao tempo que se participaba en diferentes grupos de traballo, foros de debate e outros encontros.

A continuación repásanse brevemente as xuntanzas e actividades máis destacadas:

1. Reunións institucionais.

O conflito coa RFEC, marcou unha parte importante da axenda federativa, **reunións do F8**, reunións con Presidentes Autonómicos, e mesmo co expresidente da RFEC, Manuel Andrade, amosaban ao longo de todo o ano a preocupación polo futuro da RFEC.



Como ben sendo habitual, a FGC tamén se reuniu en numerosas ocasións cos máximos responsables da **Secretaría Xeral para o Deporte, e de Medio Ambiente**. Ademais das xuntanzas periódicas a nivel autonómico, e



provincial, que se manteñen con estes departamentos, celebráronse outras puntuais nas que se trataron temas de natureza diversa que afectan á caza e ao deporte.



Federación Galega
de Caza



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"



A elección dos representantes das sociedades e dos propietarios dos terreos como vogais do **Comité Galego de Caza**, nos que saíu elixida a FGC en ambos os dous apartados, así como o plan de xestión integral do xabaril en Galicia e a súa presentación; ou a problemática da cabra montés no Parque do Xurés, a modificación da Lei de Animais de Compañía, e a orde do veneno, entroncos, foron algúns dos temas abordados en varias das xuntanzas celebradas coa **Dirección Xeral de Patrimonio**.



A FGC tamén participou nas reunións do **Consello Forestal de Galicia**, e no **PEFC**, ademais doutras mantidas cos Servizos Provinciais de **Incendios e Sanidade Animal**.



A FGC tamén está integrada na **Oficina Nacional de la Caza, a Conservación e o Desenvolvemento Rural (ONC)**, única entidade representante dos cazadores españois na FACE (Federación de Asociacións de Caza e Conservación Europeas).

